

HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Economía predadora, 2. Carta de poboamento, 3. Converso, 4. Paz de Utrecht,
5. Abdicacións de Baiona, 6. Caciquismo, 7. Pacto de San Sebastián, 8. Sindicato Vertical

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

1.2.1. Conquista e romanización. (3 puntos)

1.2.2. A configuración do imperio español no século XVI. (3 puntos)

1.2.3. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión. (3 puntos)

1.2.4. O reformismo borbónico en Galicia. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á identificación dos sectores pioneiros da industrialización española e as súas limitacións, así como aos condicionantes derivados da Lei Xeral de Ferrocarrís. **(5 puntos)**

Documento 1. Máquinas en activo na industria algodoeira catalá (proceso de fiado).

	1835	1841	1850	1861
Fusos manuais	691.949	315.162	183.778	7.366
Fusos mecánicos	27.220	346.681	622.858	763.051
Fusos total	719.169	661.843	806.636	770.417

Fonte: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p. 196.

Documento 2. Descrición da industria local publicada na *Guía del viajero en Málaga* (1861).

A industria en Málaga nos nosos días desenvolveuse dunha maneira admirable... Isto é tanto máis de notar, cando nunca esta cidade destacou como fabril [...]. Hoxe conta a poboación industrial con dúas magníficas fábricas de ferro, dúas grandes fábricas de tecidos de fío e algodón e ademais distintas fábricas pequenas de teares ordinarios [...]. A fabricación de ferro é tan sinxela que non podemos menos de deternos un momento [...]. A operación principal efectúase nos altos fornos, onde o mineral mesturado con carbón vexetal e fundentes é sometido a gran calor.

Documento 3. *Lei Xeral de Ferrocarrís, Gaceta de Madrid*, 6 de xuño de 1855.

CAPITULO I - Da clasificación de ferrocarrís.

Artigo 1º - Os ferrocarrís dividiranse en liñas de servizo xeral e de servizo particular.

Artigo 2º - Entre as liñas de servizo xeral clasifícanse como da primeira orde as que partindo de Madrid, terminen nas costas ou fronteiras do reino.

Artigo 3º - Todas as liñas de ferrocarril destinadas ao servizo xeral, son do dominio público, e serán consideradas como obras de utilidade xeral.

CAPITULO II - Da concesión ou autorización para construír os ferrocarrís.

Artigo 4º - A construción das liñas de servizo xeral poderá ser verificada polo Goberno e na súa falta por particulares ou compañías.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a crise da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ao cuestionamento do sistema canovista feito polo rexeneracionismo, aos efectos da política colonial en Marrocos e á trascendencia da Semana Tráxica. **(5 puntos)**

Documento 1. Joaquín Costa critica o réxime canovista na súa obra *Oligarquía y caciquismo* (1901).

En conclusión: non é a forma de goberno en España a mesma que impera en Europa, aínda que un día o pretendara a Gaceta; o noso atraso a este respecto non é menor ca en ciencia e cultura, ca en industria, ca en agricultura, ca en milicia, ca en administración pública. Non é a nosa forma de goberno un réxime oligárquico, servido, que non moderado, por institucións aparentemente parlamentarias. Ou, dito doutro xeito, non é o réxime parlamentario a regra, e excepción delas os

vicios e as corruptelas denunciadas na prensa e no Parlamento mesmo durante sesenta anos; ao revés, iso que chamamos desviacións e corruptelas constitúen o réxime, son a mesma regra.

Documento 2. Manifesto contra a Guerra emitido polo Partido Socialista o 28 de xuño de 1809.

O goberno obrigado por compromisos internacionais que a nación descoñece, ou movido polo afán de amparar os intereses duns cuantos plutócratas, resolveu enviar a Marrocos 20.000 homes [...]. Tal enormidade, incrementada pola tremenda inxustiza de que á guerra vaian soamente os fillos dos pobres, os que non puideron librarse da contribución de sangue por carecer de 1.500 pesetas, non debe ser consentida pola clase obreira [...]. Por outra banda, a clase obreira, que loita hoxe non xa por mellorar a súa sorte, senón tamén por emanciparse e emancipar a todos os homes, ten un alto interese en que o militarismo non alcance no noso país maior preponderancia da que ten, e seguramente alcanzaría se se realizase unha campaña guerreira en Marrocos.

Documento 3. A Semana Tráxica segundo o relato do correspondente do diario *El mundo* en Barcelona.

Día 27. É tan grave o que ocorre, que non pode publicarse. Toda a noite pasada houbo tiroteos, con mortos e feridos nas rúas. Na barriada de San Andrés foi queimado o convento de Maristas. Ás once, os revolucionarios levantaron unha barricada na rúa de San Pablo. Acudiu forza de Veteranos (pois non hai tropas case na praza), sostendo un tiroteo, con mortos e feridos [...]. Ás 7, 40 da tarde aumenta o tiroteo en todas as partes. O Cárcere encóntrase cheo. Foron detidos moitos anarquistas. O terror fíxose dono de Barcelona. [...] Os farois, apagados nas barriadas por falta de gas. Hai moitas mulleres encarceradas. Desfila agora polas rúas unha manifestación capitaneada por mulleres. A Garda Civil é asubiada e vitoreada a tropa.

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre a transición. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á política reformista impulsada por Adolfo Suárez, ao novo panorama político xurdido desta, aos resultados das primeiras eleccións democráticas e ás características do texto constitucional. **(5 puntos)**

Documento 1. Preámbulo da *Lei Básica para a Reforma política* (1976):

A Democracia non pode ser improvisada; ha de ser resultado do esforzo e traballo de todo o pobo español. [...] A Democracia esixe como primeiro suposto o imperio e supremacía da lei [...]. Os órganos de representación, o sistema electoral e a reforma das leis, son os tres aspectos que unha Lei de reforma política debe abordar, coa maior sinxeleza e claridade posible. Só así quedará esclarecida a vontade de establecer unha Democracia que no respecto á Lei, outorga ao pobo a decisión última.

Documento 2. Composición do Congreso dos Diputados tras as eleccións de 1977:

PARTIDOS	ESCANOS
Unión de Centro Democrático	165
Partido Socialista Obrero Español	118
Partido Comunista de España	20
Alianza Popular	16
Partido Democrático de Cataluña	11
Partido Nacionalista Vasco	8
Outros	12

Documento 3. Constitución de 1978:

Art. 1.1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3. A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art. 2. A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA A LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

- 1.1.** Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)
1. Economía predatora, 2. Carta de poblamiento, 3. Converso, 4. Paz de Utrecht,
 5. Abdicaciones de Bayona, 6. Caciquismo, 7. Pacto de San Sebastián, 8. Sindicato Vertical.
- 1.2.** Desarrolle uno de los cuatro temas:
- 1.2.1.** Conquista y romanización. **(3 puntos)**
 - 1.2.2.** La configuración del imperio español en el siglo XVI. **(3 puntos)**
 - 1.2.3.** El cambio dinástico y la guerra de Sucesión. **(3 puntos)**
 - 1.2.4.** El reformismo borbónico en Galicia. **(3 puntos)**

PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre los principais sectores industriales y el papel del ferrocarril. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la identificación de los sectores pioneros de la industrialización española y sus limitaciones, así como a los condicionantes derivados de la Ley General de Ferrocarriles. **(5 puntos)**

Documento 1. Máquinas en activo en la industria algodonera catalana (proceso de hilado).

	1835	1841	1850	1861
Husos manuales	691.949	315.162	183.778	7.366
Husos mecánicos	27.220	346.681	622.858	763.051
Husos total	719.169	661.843	806.636	770.417

Fuente: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p. 196.

Documento 2. Descripción de la industria local publicada en la *Guía del viajero en Málaga* (1861).

La industria en Málaga en nuestros días se ha desarrollado de una manera admirable... Esto es tanto más de notar, cuando nunca esta ciudad ha descollado como fabril [...]. Hoy cuenta la población industrial con dos magníficas fábricas de hierro, dos grandes fábricas de tejidos de hilo y algodón y además distintas fábricas pequeñas de telares ordinarios[...]. La fabricación de hierro es tan sencilla que no podemos menos de detenernos un rato [...]. La operación principal se efectúa en los altos hornos, a donde el mineral mezclado con carbón vegetal y fundentes es sometido a gran calor.

Documento 3. *Ley General de Ferrocarriles, Gaceta de Madrid*, 6 de xuño de 1855.

CAPITULO 1º - DE LA CLASIFICACIÓN DE FERROCARRILES.

Artículo 1º - Los ferrocarriles se dividirán en líneas de servicio general y de servicio particular.

Artículo 2º - Entre las líneas de servicio general se clasificarán como del primer orden las que partiendo de Madrid, terminen en las costas o fronteras del reino.

Artículo 3º - Todas las líneas de ferrocarril destinadas al servicio general, son del dominio público, y serán consideradas como obras de utilidad general.

CAPITULO II - DE LA CONCESIÓN O AUTORIZACIÓN PARA CONSTRUIR LOS FERROCARRILES.

Artículo 4º - La construcción de las líneas de servicio general podrá verificarse por el Gobierno, y en su defecto por particulares o compañías”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la crisis de la Restauración. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos al cuestionamiento del sistema canovista por el regeneracionismo, los efectos de la política colonial en Marruecos y la trascendencia de la Semana Trágica. **(5 puntos)**

Documento 1. Joaquín Costa critica al régimen canovista en su obra *Oligarquía y caciquismo* (1901).

En conclusión: no es la forma de gobierno en España la misma que impera en Europa, aunque un día lo haya pretendido la Gaceta; nuestro atraso a este respecto no es menor que en ciencia y cultura, que en industria, que en agricultura, que en milicia, que en administración pública. No es

nuestra forma de gobierno un régimen oligárquico, servido, que no moderado, por instituciones aparentemente parlamentarias. O, dicho de otro modo, no es el régimen parlamentario la regla, y excepción de ellas los vicios y las corruptelas denunciadas en la prensa y en el Parlamento mismo durante sesenta años; al revés, eso que llamamos desviaciones y corruptelas constituyen el régimen, son la misma regla.

Documento 2. Manifiesto Contra la Guerra emitido por el partido socialista el 28 de junio de 1809:

“El gobierno obligado por compromisos internacionales que la nación desconoce, o movido por el afán de amparar los intereses de unos cuantos plutócratas, ha resuelto enviar a Marruecos 20.000 hombres [...]. Tal enormidad, acrecida por la tremenda injusticia de que a la guerra vayan solamente los hijos de los pobres, los que no han podido librarse de la contribución de sangre por carecer de 1500 pesetas, no debe ser consentida por la clase obrera [...]. Por otra parte, la clase obrera, que lucha hoy no ya por mejorar su suerte, sino también por emanciparse y emancipar a todos los hombres, tiene un alto interés en que el militarismo no alcance en nuestro país mayor preponderancia de la que tiene, y seguramente alcanzaría si se realizase una campaña guerrera en Marruecos”.

Documento 3. La Semana Trágica según el relato del corresponsal del diario *El mundo* en Barcelona:

“Día 27. Es tan grave lo que ocurre, que no puede publicarse. Toda la noche pasada hubo tiroteos, con muertos y heridos en las calles. En la barriada de San Andrés ha sido quemado el convento de Maristas. A las once, los revolucionarios han levantado una barricada en la calle de San Pablo. Ha acudido fuerza de Veteranos (pues no hay tropas casi en la plaza), sosteniendo un tiroteo, con muertos y heridos [...]. A las 7, 40 de la tarde arrecia el tiroteo en todas partes. La Cárcel se halla llena. Han sido detenidos muchos anarquistas. El terror se ha enseñoreado de Barcelona. [...] Los faroles, apagados en las barriadas por falta de gas. Hay muchas mujeres encarceladas. Desfila ahora por las calles una manifestación capitaneada por mujeres. La Guardia Civil es silbada y vitoreada la tropa”.

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la transición. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la política reformista impulsada por Adolfo Suárez, el nuevo panorama político surgido de la misma, los resultados de las primeras elecciones democráticas y las características del texto constitucional. **(5 puntos)**

Documento 1. Preámbulo de la *Ley Básica para la Reforma política* (1976):

La Democracia no puede ser improvisada; ha de ser resultado del esfuerzo y trabajo de todo el pueblo español. [...] La Democracia exige como primer supuesto el imperio y supremacía de la ley [...]. Los órganos de representación, el sistema electoral y la reforma de las leyes, son los tres aspectos que una Ley de reforma política debe abordar, con la mayor sencillez y claridad posible. Solo así quedará esclarecida la voluntad de establecer una Democracia que en el respecto a la Ley, otorga al pueblo la decisión última.

Documento 2. Composición del Congreso de los Diputados tras las elecciones de 1977:

PARTIDOS	ESCAÑOS
Unión de Centro Democrático	165
Partido Socialista Obrero Español	118
Partido Comunista de España	20
Alianza Popular	16
Partido Democrático de Cataluña	11
Partido Nacionalista Vasco	8
Otros	12

Documento 3. Constitución de 1978:

Art. 1.1. España se constituye en un Estado social y democrático de Derecho, que propugna como valores superiores de su ordenamiento jurídico la libertad, la justicia, la igualdad y el pluralismo político.

1.2. La soberanía nacional reside en el pueblo español, del que emanan los poderes del Estado.

1.3. La forma política del Estado español es la monarquía parlamentaria.

Art. 2. La Constitución se fundamenta en la indisoluble unidad de la nación española, patria común e indivisible de todos los españoles, y reconoce y garantiza el derecho a la autonomía de las nacionalidades y regiones que la integran y la solidaridad entre todas ellas.